



## **R renova o seu acordo co Círculo para seguir formando empresas galegas en innovación, tecnoloxía e sostibilidade**

- *A presidenta do Círculo e o director de R e de MasOrange en Galicia revalidaron o convenio de patrocinio institucional de R nas oficinas do operador galego na Coruña.*
- *A renovación do acordo supón a posta en marcha dun programa de actividades para reforzar, de novo, o emprendemento socioeconómico en Galicia, con eventos centrados, en 2025, na innovación tecnolóxica e a sostibilidade.*

**Venres, 14 de marzo de 2025.-** Despois de anos de alianza, **R** vén de renovar o convenio co Círculo de Empresarios de Galicia e seguirá dándolle percorrido a proxectos e accións de valor para o tecido empresarial galego. 2025 revalida a confianza mutua e o compromiso da entidade empresarial e do operador galego con Galicia mediante vías de colaboración que potencian o desenvolvemento socioeconómico da comunidade e preparan as empresas galegas para competir en calquera mercado mundial.

María Borrás, presidenta do Círculo, e Alfredo Ramos, director de **R** e de MasOrange en Galicia, asinaron xa o acordo que converte o operador galego en **patrocinador institucional** da entidade tamén este ano.

Para o Círculo, a renovación deste convenio de carácter estratéxico reafirma a súa aposta pola formación do empresariado do territorio, que volve contar cun socio tecnolóxico galego como asesor dixital dos membros da entidade. María Borrás incidiu en que *“este acordo é prioritario para nós porque no Círculo exercemos de panca para a transformación dixital do noso tecido produtivo, e para logralo temos o mellor aliado estratéxico, R e MasOrange”*.

Alfredo Ramos, pola súa banda, manifestou que *“De novo, estamos moi contentos de colaborar co Círculo para promover proxectos e accións que fomentan o espírito emprendedor e a mellora continua do tecido socioeconómico galego. Levamos máis dunha década traballando na transformación dixital das empresas da comunidade, acompañándoas no proceso, a carón do Círculo, e este ano queremos seguir avanzando con elas nos temas máis vinculados á innovación e á sostibilidade”*.



## **Innovación, tecnoloxía e sostibilidade**

Como en anos anteriores, **R** e o Círculo porán en marcha, para reforzar o emprendemento na comunidade, un programa de actividades dirixidas a directivos/as e empresarias/os de Galicia, profesionais libres ou representantes de organismos públicos. Ao longo de 2025 desenvolveranse eventos centrados na innovación tecnolóxica e na sostibilidade, ao compás das tendencias e vangardas que marcan os nosos días.

**\_Encontros de innovación e tecnoloxía:** ciclo de tres xornadas públicas-mesas redondas conducidas por **R** para tratar tendencias do mercado e a transformación das empresas coa incorporación definitiva das novas tecnoloxías. Serán a segunda edición do encontro “*IA. Intelixencia Artificial, o futuro*” e as primeiras de “*Mundo Dixital*” e “*Martech: fusión de Márketing e Tecnoloxía. O negocio na era dixital*”.

**\_Conversas estratéxicas dixitais con directivos/as de empresas:** **R** leva tamén a batuta de “*Dous+un directo: achegando o futuro*”, ciclo de tres encontros virtuais interactivos e dinámicos nos que dous empresarios/as ou directivos/as representativos/as compartirán coa audiencia unha conversa estratéxica e, á vez, práctica e próxima, sobre temáticas de referencia. Falarán en clave de presente e sobre todo, ao futuro, dinamizados/as por un/a moderador/a de **R** que exercerá como entrevistador/a.

**\_I Foro anual de Sostibilidade:** encontro empresarial onde, baixo o título “*A sostibilidade empresarial: a linguaxe das empresas con futuro*”, **R** ofrecerá a súa colaboración para abordar a importancia da sostibilidade nas empresas e o seu impacto nos negocios. Será un evento en formato híbrido, virtual e presencial en contido, relatores/as e público, para lograr un maior acceso, alcance e impacto da xornada.

Ademais destas accións, **R** estará presente institucionalmente na web do Círculo, como vén facendo dende hai anos, e continuará sendo asesor dixital dos/as socios/as da entidade. Todo iso, a prol do seu compromiso co desenvolvemento socioeconómico de Galicia, en particular, e co avance da comunidade en todos os niveis, en xeral.

### **sobre o Círculo de Empresarios de Galicia**

O Círculo de Empresarios de Galicia, concibido hai máis de 30 anos como punto de encontro para empresarios/as, directivos/as e profesionais, eríxese como foco central de negocios na comunidade dende a súa sede en Vigo. É parte activa da sociedade civil e pretende contribuír ao desenvolvemento e benestar socioeconómico de Galicia. Así, entre os seus obxectivos atópanse: impulsar unha cultura emprendedora e dinámica; reforzar o liderado social e económico de Galicia e impulsar o desenvolvemento e consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; ser unha organización de referencia para os organismos públicos e as forzas sociais en todos os temas que lle afecten ao desenvolvemento económico; fomentar o intercambio de experiencias e a difusión de análises socioeconómicas e novas tendencias co fin de contribuír á competitividade das empresas galegas e fortalecer un marco de relacións empresariais que promova a cooperación no empresariado e axude ao acceso a novas oportunidades de negocio.

### **sobre R**

**R**, marca de referencia de MasOrange en Galicia, é o operador de telecomunicacións líder na comunidade, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital e, dende hai uns meses, luz e gas. E, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Como empresa galega recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas do territorio onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego, con MasOrange, superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 90 % da poboación de Galicia ten dispoñibilidade de acceso ao 5G. ([R.gal](http://R.gal))

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)